

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19/04/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

## ASISTENTES

### ALCALDE

José Marcote Suárez

### TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

### SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

## ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Aprobación, Estudo de Detalle.--
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **19/04/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

### 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 5 de Abril de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

### 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

## COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA DEL MAR ROMERO SANTOS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 840 de 5/04/2018) para proceder á eliminación da cheminea de obra existente no salón e cambio de situación da porta interior (pechado e apertura noutra situación) nunha vivenda (Referencia Catastral 8505305MH7580N0002PY)

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de abril de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

### **SEGREGACION DE PARCELAS**

Visto o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **LUIS LOJO MOAR e OUTROS**, veciños de Corcubión, Licenza para proceder á parcelación urbanística dunha finca cunha superficie total de 4.150 m2 sita na localidade de San Martiño de Abaixo, Termo Municipal de Fisterra (Referencia Catastral 15038A502011320000DH) nas seguintes:

<b>PARCELA</b>	<b>SUPERFICIE</b>
<b>A</b>	<b>1.324,00 m2</b>
<b>B</b>	<b>1.323,00 m2</b>
<b>C</b>	<b>1.323,00 m2</b>
<b>D</b> <b>( Finca cesión Concello Fisterra)</b>	<b>180,00 m2</b>

Dita Licenza queda condicionada á Cesión gratuita da superficie total da parcela arriba indicada en favor do Concello mediante a formalización en documento público dentro do prazo máximo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo.

Deberá axustarse na súa totalidade o Proxecto de Parcelación redactado a tal efecto polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés de data 1 de abril de 2018 que consta no expediente.

### **TRASMISIBILIDADE DE LICENZA ACTIVIDADE**

A) Visto o expediente iniciado co número 999 (RE) de 19/4/2018 por **Ramón Rivas López**, veciño de Fisterra, no que comunica a Transmisión da actividade do **Hostal 1 Estrela** que se localiza nunha edificación (Referencia Catastral 8507714MH7580N0001BT ) en favor do seu fillo,

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións locais, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Tomar razón desta Transmisión efectuada en favor de RAMON RIVAS RODRIGUEZ, veciño de Fisterra, para desempeñar a Actividade de PENSION RESIDENCIA 2 ESTRELAS nesa zona, quedando ambos suxectos a todas as responsabilidades que se derivasen para el titular, de conformidade co disposto no Artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.-

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, debendo expedirse o oportuno título habilitante en favor do novo titular.-

3º.- Aprobación inicial Estudo de detalle.-

Visto o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación, a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía e en virtude das facultades que confire o Art. 21- 1 j) da Lei 57 / 2003 do 16 de Decembro de medidas para a modernización do Goberno Local por unanimidade dos presentes acorda:

1) Aprobar inicialmente o Estudo de Detalle que para a Definición das Aliñacións de dúas parcelas valeiras sitas no Casco Histórico de Fisterra dentro do Plan Especial de protección e reforma interior do Casco Histórico de Fisterra sitas nas Rúas Fonte Vella e Travesía de Arriba da Vila de Fisterra foi presentado por PEPE DO FOLGO S.L. e redactado por CREUS e CARRASCO ARQUITECTOS SLP con data Novembro 2016 e modificado de Decembro 2017 que constan no expediente no expediente, ao reunir os requisitos establecidos no Art. 194 do Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro de 2016 do Solo de Galicia.

2) Expoñer o expediente a información pública por espazo de UN MES mediante anuncio a publicar no Diario Oficial de Galicia e periódico de maior difusión "La Voz de Galicia" a efectos de posibles alegacións, todo elo de conformidade co disposto no Artigo 194.2 do citado Regulamento.-

3) Notificar dito acordo de maneira individual a todas as persoas titulares dos terreos afectados.

**7º.- Asuntos varios.-**

**AXUDAS ECONÓMICAS**

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a L. L. G., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade por tratarse de persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a D. P. R., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Sesenta euros (60,00 €) para gastos de transporte de tratamento a Carballo e que lle serán abonadas en tres prazos a razón de Vinte euros (20,00 €) por tratarse de persoa carente de medios económicos.-

- Vista a petición formulada por parte de Miguel Benlloch Ruiz, veciño de Fisterra, (Rexistro Xeral de Entrada 975 de data 18 de Abril de 2018 ), quen no nome da Comisión de Festas do Bo Suceso a celebrar os días 19 e 20 de Maio de 2018 na Vila de Fisterra, formula solicitude de axuda para financiar parte dos gastos que se orixinen co motivo da mesma, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) que deberán ser xustificadas mediante Memoria a presentar antes do día 31 de Decembro de 2018.-

-- Vista a petición formulada por parte de Miguel Benlloch Ruiz, veciño de Fisterra, (Rexistro Xeral de Entrada 975 de data 18 de Abril de 201) , quen no nome da Comisión do Corpus a celebrar o día 3 de Xuño de 2018 na Vila de Fisterra, formula solicitude de axuda para financiar parte dos gastos que se orixinen co motivo da mesma, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) que deberán ser xustificadas mediante Memoria a presentar antes do día 31 de Decembro de 2018.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:05 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.